



Expte. Cividas: 2018008944

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta, de data 11 de xuño, elaborado polo titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concellería de Educación, mediante providencia de data 1 de xuño, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 13-X/2018, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N200.3321.22612	Programa de xestión bibliotecas Educación	2.565,78 €
TOTAL.....		2.565,78 €

ORIXE DOS FONDOS		
<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45099	Subv. Xunta Programa dinamización de bibliotecas	2.565,78 €
TOTAL.....		2.565,78 €

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 18-2-20-02

Título: Actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas municipais

Importe: 3.421,02 €

Período de execución: Ano 2018

Aplicación orzamentaria de gasto:

N200.3321.22612 Programa de Xestión Bibliotecas Educación 3.421,02 €

Financiación:

Subv. Xunta Programa dinamización de bibliotecas (concepto ingreso 45099): 2.565,78 €

Concello de Ourense (recursos propios): 855,24 € (RC núm. Operación: 201800019129)

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 2.565,78 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior Accidental, dou fe.

